



empatía

Programa de Educación para a Igualdade

A Oficina de Igualdade do noso Concello dentro da súa actividade promotora da igualdade entre mulleres e homes, presenta **Empatía** un programa de accións educativas que ten como principais protagonistas as mozas e mozos de Vigo, mais tamén os principais axentes socializadores: nais/pais, profesorado e aquelas persoas que desexen formarse para educar à xuventude na igualdade de oportunidades para mulleres e homes.



concellería
de igualdade
concello de vigo

empatía

Podes contactar para recibir máis información
Telf. 986 116428
mail: lilithempres@gmail.com

empatía

educación para unha cultura da
igualdade de oportunidades



concellería
de igualdade
concello de vigo

educación para unha cultura da igualdade de oportunidades

A adolescencia é unha etapa fundamental no desenvolvemento das persoas, non exenta de conflito e tomas de decisión que a posteriori se transformarán en pasos importantes na construción das identidades, principalmente a de xénero.

Os centros de ensino secundario son o lugar onde a mocidade adquire os coñecementos básicos para desenvolverse en sociedade e deben garantir tamén que o alumnado se poida achegar aos valores de xustiza social e non discriminación. Alonxándoo, polo tanto de mensaxes ancoradas en formas de sentir pensar e actuar pasadas e excesivamente monolíticas. É por isto que desde o ámbito municipal queremos aportar o noso decidido traballo para que as mozas e mozos do noso concello poidan achegarse a unha nova cultura que camiña con paso firme nas sociedades modernas: a cultura da igualdade.

Ofertamos distintas actividades, impartidas por profesionais con especialidade neste eido, para toda a comunidade educativa dos centros da ESO da nosa cidade ao longo do curso 2008-2009.



Sesións de traballo con pais, nais ou persoas que posúan a tutela

“Axudando a vivir na igualdade”

Destinado a aquelas nais e pais de alumnado da ESO que teñen interese en abordar dende a familia o problema da desigualdade entre mulleres e homes.

Duración: 2 h.

Contidos: desigualdade no ámbito privado, os modelos familiares, a expresión dos sentimentos, a sexualidade e os tempos de lecer.

Cursos de formación para o profesorado

“Igualdade no centro e na acción tutorial”

Orientado a todo o profesorado e, especialmente, a titoras/es.

Duración: variará de 4 a 12 h.

Contidos: o sexo, xénero e sexismo; escola mixta vs. escola co-educativa; educación afectiva e sexual; violencia na escola; recursos para o traballo no centro e na aula.

Obradoiros para o alumnado

“Todas e todos”

Destinado ao alumnado de 1º a 4ºda ESO.

Duración: 4 sesións de 50 minutos cada unha.

Contidos:

1º ESO: discriminación social das mulleres, roles e estereotipos, e habilidades socio-afectivas.

2º ESO: sexo e xénero, corresponsabilidade e autoestima.

3º ESO: corresponsabilidade, sexualidade e relacións amorosas na igualdade.

4º ESO: escolla profesional en función do xénero, relacións amorosas na igualdade e dereitos sexuais.